

A ESTACIÓN VIOLENTA (9º ANIVERSARIO)

1756

Anxos Fazáns, 2017

ESTREA EN NUMAX: 21.05.2026 | V.O. | 67 min

A vida non é inofensiva. Pode ser esgotadora e frustrante. A Manuel gustaríalle ser escritor, pero en lugar diso vive atrapado na súa rutina, incapaz de afrontar as súas emocións. Terá un inesperado reencontro cos seus mellores amigos da adolescencia que fará disparar todas as súas pulsións.

«O libro convértese nun filme que o adapta libremente, de tal forma que canto máis se separou del máis conseguiu atopar o que eu buscaba»

Manuel Jabois



Todo por celebrar

Cúmprense 9 anos da rodaxe de *A estación violenta* e con este aniversario chegou o desexo de volver compartir o filme en pantalla grande e o desexo de volver xuntar o equipo artístico e técnico que o fixemos posible. Nove anos que parecerá un número pouco respectable para unha efeméride, pero que ten todo o sentido para un filme que sempre foi un pouco á contra, que naceu como unha flor nunha fenda do cemento.

Todas as películas son especiais, todas nacen do esforzo inconmensurable dun grupo de persoas apaixonadas e *A estación violenta* non ía ser menos. O cinema é fráxil, dedicámonos a unha arte fráxil e dependente. Cada vez que penso nesta película son consciente da súa anomalía. Sería tan sinxelo que este filme non existira. É unha película de primeiras veces, foi o salto ao baleiro de moitas, aposta gañada e primeira pedra de tantas cousas que están a ocorrer agora e que aínda están por chegar.

Da rodaxe recordo unha primavera luminosa, moita música, licorcaf , varios baos no mar e noites de longas conversas. Recordo tam n, non imos negalo, moito esforzo, alg n susto, horas de sufrimento e emocións contidas que tardarían tempo en atopar as fendas para florecer. Hai unha imaxe da película que volve sempre a min: a do seu protagonista de costas fronte ao mar. El parece unha nube negra con toda a súa carga persoal nos ombros, mentres que o mar apracible e luminoso mostra o camiño a seguir. Todas, como o protagonista desta peli, volvemos sempre a , fronte a alg n mar que nos recorda que est  todo por facer e todo por celebrar.

Esta rodaxe xuntounos ( s que participamos na pel cula e aos cruces varios que xurdiron a partir dela), convert monos en amigas, socias e compañeiras habituais de batallas. Xuntas aprendemos a seguir facendo coid ndonos. E todo isto, hoxe, ben merece ser revisitado e celebrado. Desde aqu  o meu agradecemento reiterado para todas as cabezas tolas que creron nunha rapaza que cumprir a 25 anos durante a rodaxe, que arrimaron o ombro e lanzaron o coraz n a esta aventura. E un brindado por moitos anos m is podendo xuntarnos nas salas de cinema a celebrar o noso traballo e a nosa amizade.

Anxos Faz ns